

Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
R/San Lázaro s/n,
15781-Santiago de Compostela

ANTÓN MASA VÁZQUEZ, co CIF e enderezo a efectos de comunicación como presidente da ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA DE PONTEVEDRA (APDR) e en representación da amentada Asociación,

EXPÓN:

Que na APDR temos recibido desa Dirección Xeral, solicitude de traslado das observacións ou suxestións que consideremos convenientes no “Trámite de consultas previas” do procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do plan denominado “Modificación nº 1 do Proxecto sectorial para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)”, expediente nº 2021AAE2624.

Que, en base aos documentos achegados por ENCE ENERGÍA Y CELULOSA S.A. (en adiante ENCE), promotor do plan, temos elaborado as seguintes

SUXESTIÓNS

1.- Antes de proceder á análise dos documentos achegados pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, debemos facer constar que, para a APDR, o procedemento proposto para a realización e legalización de modificacións no proceso industrial da fábrica de ENCE en Pontevedra, a través da introdución de modificacións no denominado “Proxecto sectorial para o asentamento industrial de Lourizán” (en adiante PSIS), non nos parece adecuado. Entendemos no noso colectivo, que o PSIS foi ditado no seu día para a instalación dunha fábrica de papel tisú no recinto fabril de Lourizán (proxecto que nunca chegou a levarse a cabo) e que, nese sentido, perde a súa virtualidade cando -é o caso que nos ocupa- se pretende aplicar a cuestións que nada teñen que ver co obxectivo para o que foi ditado.

Debemos indicar tamén que, xa no ano 2017, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, tomou a decisión de non considerar amparadas polo amentado PSIS algunha das actuacións que agora se pretenden tramitar mediante o expediente de modificación do PSIS. Por estas razóns, queremos facer constar a nosa oposición á vía proposta desde a Administración autonómica para alcanzar o obxectivo perseguido.

2.- Os documentos aportados pola empresa ENCE co obxectivo de dar respaldo á modificación do “Proxecto sectorial para o asentamento industrial de Lourizán” (en adiante, PSIS), adoecen dun

erro de tal magnitude que -ao noso xuízo- inválidaos. Con efecto, a descrición do entorno no que se sitúa a pretendida modificación deste PSIS, non responde á realidade actual, o que tendo en conta que se trata de documentos asinados en setembro de 2021, non se pode xustificar en modo ningún; todo fai pensar na omisión interesada de información que modifica substancialmente a realidade actual da fábrica de ENCE-Lourizán e que condiciona de forma notábel o seu futuro, afectando non só aos compromisos alcanzados previamente coa Xunta de Galicia e, polo tanto, á realización daquelas actuacións e inversións necesarias para acometelos, pero tamén ao propio expediente de modificación do PSIS agora proposto.

Tanto no “Documento Inicial Estratégico” (en adiante DIE) como na “Memoria Xustificativa”, descríbense os antecedentes do PSIS e as circunstancias administrativas que rodean á fábrica até o momento no que -no ano 2016- consegue unha prórroga de 60 anos, que lle permitiría manter a concesión até o 2073. Porén, obviase que a Sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional dita sentencias estimando os recursos interpostos polo Concello de Pontevedra e Greenpeace (15-7-2021) e APDR (21-9-2021) no sentido de declarar nula a prórroga de 60 anos concedida no ano 2016 polo que -en canto as sentenzas adquiran firmeza- ENCE terá que abandonar Lourizán e proceder ao desmantelamento das instalacións fabrís alí existentes.

Como sen dúbida se poderá entender, non se trata dun feito menor, que esixe a toma de medidas de similar alcance por parte da Administración; esixe, como primeira medida, a retirada da documentación presentada pola entidade promotora pero, tamén, a consideración por parte da Administración de paralizar o expediente de modificación do PSIS até o momento no que as sentenzas sexan firmes, actuando despois en consecuencia. No caso de que isto non sexa así e se continúe adiante coa tramitación do amentado expediente, desde a APDR valoraríamos a posibilidade de emprender as accións legais pertinentes para impugnar tal tramitación.

3.- De acordo co texto recollido na páxina 11 do DIE, a empresa precisa que se modifique o PSIS para poder cumprir cos compromisos adquiridos a raíz da concesión da prórroga, tanto coa Administración central como coa Xunta de Galicia:

“Las actuaciones que se proponen en el presente documento resultan imprescindibles para desarrollar algunos de los compromisos exigidos por la Resolución de la Directora General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar del 20 de enero de 2016 de prórroga de la concesión, así como los contenidos en el Pacto Ambiental suscrito por ENCE con la Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de la Xunta de Galicia el 28 de junio de 2016”.

Estas actuacións fan referencia fundamentalmente á “Mellora da eficiencia enerxética” e a algúns aspectos relacionados coa “Mellora da Integración paisaxística” (actuacións contempladas tanto no compromiso coa “Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar” como naquel asinado coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia) e a certos aspectos asociados á

instalación dun novo emisario submarino para a EDAR de Os Praceres, actuacións comprometidas con Augas de Galicia e, xa que logo, coa Xunta de Galicia.

Pois ben, resulta sorprendente que se fagan tales afirmacións, xa que a propia empresa ENCE, no seu “Informe Financiero” do 1º Semestre do ano en curso, asegura (páx. 12) que:

*“Del total de 60 años de nueva concesión, 10 años están condicionados a la realización por parte de ENCE de ciertas inversiones en la biofábrica, asociadas al aumento de capacidad, eficiencia energética, ahorro de agua y mejora medioambiental, así como su integración paisajística, por un valor previsto de 61 millones de euros. **Este compromiso de inversión se completó en 2020, dentro del plazo fijado al efecto**”* (o resaltado é noso).

abundando neste mesmo sentido na páxina 13 do amentado Informe, no que afirma:

*“Por un lado y tras la Resolución de prórroga de la concesión, ENCE como concesionaria **ha ejecutado, tanto los compromisos de inversión vinculados por la misma al plazo adicional de 10 años de la prórroga, como otras necesarias para garantizar el adecuado funcionamiento y mantenimiento de la fábrica en el horizonte de duración de la prórroga otorgada**”* (o resaltado é noso).

É dicir, aqueles compromisos adquiridos por ENCE no momento no que se lle concede a prórroga, que condicionan 10 anos da mesma, e para cuxo cumprimento “resulta imprescindible” realizar as actuacións propostas agora e -como consecuencia- a modificación do PSIS, **FORON XA REALIZADAS** no ano 2020, cando menos nunha grande medida. Así as cousas, a motivación que se argumenta agora para tramitar a modificación do PSIS, perdería a súa consistencia.

Pero, ao tempo que se afirma a execución das inversións comprometidas, asegúrase que mentres non estea garantida a continuidade en Lourizán, as inversións na fábrica de Pontevedra -mesmo aquelas que poderían evitar danos ambientais e ás persoas- quedarían conxeladas. Debemos lembrar aquí as declaracións do Sr. de Colmenares, CEO de ENCE, feitas públicas nos medios de comunicación o pasado 27 de febreiro, nas que aseguraba que a “caldeira de recuperación” da fábrica estaba nunha situación de inestabilidade tal que en calquera momento podería dar un “susto mayúsculo medioambiental que puede afectar a las personas”, asegurando de seguido que, aínda sendo conscientes de que se precisan inversións na fábrica para evitar esta situación, estas inversións non se farían mentres non estivese garantida a permanencia en Lourizán.

Pero puidera argumentarse por quen non queren admitir esta realidade, que estas declaracións non responden ás posicións oficiais da empresa, que se trata de declaracións desafortunadas do Sr. de Colmenares. Neste sentido, resulta moi clarificador o parágrafo incluído na páxina 17 do “Informe financiero” ao que xa fixemos referencia, no que, referíndose aos acordos subscritos por ENCE coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, afirma:

*“La eficacia de dichos compromisos está condicionada a la vigencia, subsistencia y disfrute pacífico del título concesional de ENCE en Pontevedra, por lo que **las sentencias dictadas por la Audiencia Nacional dejan en suspenso los compromisos recogidos en los Pactos Ambiental y Social**”* (o resaltado é noso).

Resumindo, ben porque as inversións xa estean feitas, ben porque na situación actual pola que atravesamos ENCE, coa prórroga anulada e polo tanto sen título que lle habilite para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre, estas inversións non se vaian facer, resulta absolutamente innecesario realizar as modificacións do PSIS agora propostas.

Estas razóns móvennos a solicitarmos a paralización do expediente até que, adquirida a firmeza das sentencias, e no máis que improbable caso de que estas sexan favorábeis á permanencia de ENCE en Lourizán, se poida retomar o proxecto.

4.- Como xa avanzamos, no ano 2017 iniciouse a tramitación da modificación do PSIS de ENCE, un proxecto que levaba por título “Modificación puntual do PSIS para ENCE en Lourizán” e que no fundamental propuña os mesmos obxectivos xerais presentados no proxecto que nos ocupa agora. Daquela, xa no ano 2018 e durante o período de consulta pública, a APDR presentou unha serie de alegacións, alegacións nas que nos reiteramos agora.

5.- No documento de “Análisis de Alternativas”, preséntanse tres posibles opcións para levar adiante o obxectivo principal da modificación proposta, que non é outro que o de posibilitar que se cumpra o programa de actuacións comprometidas por ENCE na concesión da prórroga. Como alternativa 0, considérase a non realización da modificación do PSIS, mentres que as alternativas 1 e 2 diferéncianse no xeito no que unha e outra ordenan aqueles elementos que maior impacto visual presentan, principalmente aqueles que teñen que ver coa nova caldeira de recuperación.

Tendo en consideración que a situación que atravesamos ENCE ao respecto da prórroga ten mudado de forma radical até o punto de ter sido anulada xudicialmente, e para manter a coherencia co manifestado nas suxestións 2 e 3 deste escrito, debemos optar pola alternativa 0 e deixar sen efecto a modificación do PSIS.

6.- Que, no que fai ás actuacións contidas no anteproxecto “Novo emisario submarino da EDAR de Praceres na Ría de Pontevedra”, consideradas como parte deste proxecto que agora nos ocupa, se considere a tramitación de forma independente ao resto das actuacións contempladas no proxecto de modificación do PSIS de ENCE en Lourizán.

En base ás suxestións realizadas neste Trámite de consultas previas,

SOLICITA

- 1.- A retirada do Plan de Modificación do PSIS de ENCE proposto.
- 2.- No caso de non se aceptar a súa retirada, que se esixa á empresa promotora a redacción de nova documentación que teña en conta a nova realidade da empresa, formalmente sen título que a habilite para a súa actividade en Lourizán.
- 3.- Que, modificada esta documentación, se teña en conta a nova realidade pola que atravesa a empresa ENCE en Lourizán e, en consecuencia, se pospoña a súa tramitación até o momento no que as sentenzas da Audiencia Nacional que anulan a prórroga ilegal da empresa, adquiriran firmeza, tramitación que -evidentemente- só tería razón de ser no caso de que o Tribunal Supremo modifique as amentadas sentenzas e falle a favor da permanencia de ENCE en Lourizán.
- 4.- Que se tramite separadamente, e conforme á lexislación de aplicación, o proxecto de “Novo emisario submarino da EDAR de Praceres na Ría de Pontevedra”, considerando -no seu caso- as novas circunstancias derivadas do fin da actividade da empresa ENCE en Lourizán.

E, para que conste, asina en Pontevedra a 28 de decembro de 2021